

## ALEGACIÓNS Á LISTAXE PROVISORIA DE PREMIO EXTRAORDINARIO 2021-22 ARTES E HUMANIDADES

A Comisión de Artes e Humanidades, reunida o día 7 de marzo de 2024, e en relación ás alegacións presentadas ás listaxes provisórias de Premio Extraordinario na convocatoria 2021-22 na súa área, acorda:

SOLICITANTE	ALEGACIÓN	VALORACIÓN TRIBUNAL
María Concepción Álvarez Pousa	Revisar puntuacións méritos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Alegación Desestimada</i></li> <li>- <i>Non modifica a puntuación obtida na listaxe provisoria</i></li> </ul> <p>A comisión sustenta o acordo sobre as catro alegacións presentadas nos feitos que se exponen a seguir:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Producción científica: Mérito 2.</b> O artigo “O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental” foi publicado na revista Madrygal, nº 22, ano 2019. No índice IDR/FECYT do ano 2019 a revista Madrygal ten a categoría C4 en IDR/FECYT, que se puntúa con 2 segundo o baremo aprobado pola comisión.</li> <li>2. <b>Producción científica: Mérito 5.</b> Libro directamente relacionado coa tese publicado na Universidade de Vigo en 2023. A candidata alega que nos criterios de avaliación da CNEAI para a avaliación de libros e capítulos se considera non só o SPI senón tamén “editoriales que hayan tenido el sello de Calidad en Edición Académica (CEA-APQ).” A alegación no pode ser estimada porque a recomendación de seguir os criterios da CNEAI que consta no Anexo II da convocatoria de Premio Extraordinario (páx. 7) está incluída no apdo. “a) Artigos en revistas”, pero non no apdo. “b) Libros e capítulos de libros con ISBN”, que é o que se aplica neste mérito. Para os libros e capítulos de libros, a convocatoria indica o seguinte: “Como referencia empregárase a clasificación por disciplina do SPI-2022”. Posto que a Universidade de Vigo non aparece neste índice, a comisión aplicou o baremo aprobado internamente e recollido na acta da reunión do 2 de xaneiro de 2024.</li> <li>3. <b>Outros méritos relacionados coa tese: Mérito 2.</b> Reclama que o informe do grao de innovación da tese debe ser valorado segundo os criterios da convocatoria. O informe recibiu 0 puntos porque non consta a</li> </ol>

ALEGACIÓNS Á LISTAXE PROVISORIA DE PREMIO EXTRAORDINARIO 2021-22  
ARTES E HUMANIDADES

		<p>ratificación da Comisión Académica do programa de doutoramento correspondente.</p> <p>4. <b>Outros méritos relacionados coa tese: Mérito 3.</b> A solicitante alega que non se lle puntuou unha conferencia como mérito de transferencia. A comisión non considerou que as conferencias puideran interpretarse como mérito de transferencia, como quedou recollido na acta do 2/1/2024. As conferencias non aparecen mencionadas nos criterios xerais de avaliación neste apdo: “Produtos que representen transferencia de coñecemento (comisariado de exposicións, redacción de informes de impacto social, creación de materiais de divulgación científica, etc.) directamente relacionados coa tese doutoral”, p. 10 Anexo II)</p>
Vítor Míguez Rego	Computar mobilidade.	<p>- <i>Alegación Estimada</i> - <i>Modifica a puntuación obtida na listaxe provisoria</i></p> <p>A comisión acorda estimar a alegación presentada e modificar a puntuación do apartado de mobilidade de acordo co baremo aprobado na reunión do 2/1/2024.</p> <p><b>1. Outros méritos: Mérito 4.</b> O solicitante alega que non se lle valorou unha estadía de 3 meses na KULeuven. Esta estadía é diferente á computada na mención internacional, polo que cómpre puntualala como mobilidade.</p>
António Manuel Santos Pinto Silva	Cambiar subárea.	<p>Alegación estimada e corrixida de oficio pola unidade tramitadora sen que afecte á valoración da súa solicitude, polo que non modifica a puntuación obtida na listaxe provisoria.</p>

A presidenta

O secretario

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARIA VICTORIA VAZQUEZ ROZAS, NIF \*\*\*4804\*\*, 07/03/2024 19:53:18.

Asinante/Firmante/Signer: MARCOS CARMELO VALCARCEL DIAZ, NIF \*\*\*0616\*\*, 07/03/2024 19:18:25.

CSV: 9A75-BF63-4795-A98E